



| Guía Docente | | | |
|-----------------------|--|--------------------|---------------------------|
| Datos Identificativos | | | 2015/16 |
| Asignatura (*) | Lingua e literatura galega e a súa didáctica | Código | 652G02013 |
| Titulación | | | |
| Descriptores | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo |
| Grao | 1º cuatrimestre | Segundo | Obrigatoria |
| Idioma | Galego | | |
| Modalidade docente | Presencial | | |
| Prerrequisitos | | | |
| Departamento | Didácticas Específicas | | |
| Coordinación | Pardo de Neyra Fernández-Cousu, Xulio | Correo electrónico | xulio.pardodeneyra@udc.es |
| Profesorado | Pardo de Neyra Fernández-Cousu, Xulio | Correo electrónico | xulio.pardodeneyra@udc.es |
| Web | | | |
| Descripción xeral | | | |

| Competencias / Resultados do título | |
|-------------------------------------|-------------------------------------|
| Código | Competencias / Resultados do título |

| Resultados da aprendizaxe | | | |
|---|-----|-----|-------------------------------------|
| Resultados de aprendizaxe | | | Competencias / Resultados do título |
| Trátase de que o alumnado comprenda e sexa quen de analizar, interpretar e dar forma aos contidos que rexen no ámbito da Didáctica da Lingua e a Literatura Galega, atendendo ao mundo da investigación, o ensino e a que están nun contexto diglósico por veces chamado bilingüe. Insistirse na aprendizaxe autónoma, na posta en escena e na aprendizaxe colaborativa, grupal, e autónoma; coa fin de que sexa capaz de integrar a cadeira nun espazo más amplio que se refire sempre ao mundo do ensino Primario | A1 | B7 | C1 |
| | A4 | B8 | C2 |
| | A19 | B9 | C3 |
| | A20 | B10 | C4 |
| | A43 | B11 | C6 |
| | A44 | B13 | C7 |
| | A45 | B14 | C8 |
| | A46 | B15 | |
| | A47 | B19 | |
| | A48 | B20 | |
| | A49 | B21 | |
| | A50 | B22 | |
| | A51 | B23 | |
| | A52 | B24 | |
| | | B25 | |

| Contidos | |
|----------|----------|
| Temas | Subtemas |



| | |
|---|--|
| TEMA 1. CONCEPTOS PREVIOS TEMA 2. CONCEPTOS BÁSICOS EN DLL TEMA 3. LINGUA, ENSINO E SOCIEDADE TEMA 4. A LITERATURA E A SÚA DIDÁCTICA TEMA 5. LITERATURA INFANTIL GALEGA | 1. 1. Definición da Didáctica da Lingua e a Literatura (DLL). 1. 2. Que é DLL?: nacemento e consolidación dunha Disciplina universitaria. 1. 3. Un novo paradigma de Ensino Lingüístico e Literario. 1. 4. A investigación en DLL. Ámbitos e liñas de investigación. 2. 1. A comunicación. Elementos básicos. 2. 1. 1. A comunicación oral. 2. 1. 2. A comunicación escrita. 2. 2. Competencia comunicativa. 2. 2. 1. A competencia lingüística. 2. 2. 2. Adquisición e aprendizaxe. O concepto de interlingua. 2. 3. Competencia literaria. 2. 3. 1. Competencia literaria e competencia lectora. 2. 3. 2. Niveis e compoñentes. 2. 4. Enfoque e método. 2. 4. 1. Enfoque comunicativo. 2. 4. 2. Enfoque da recepción. 2. 5. Desenvolvemento curricular. 2. 5. 1. A evaluación como seguimento procesual. Evaluación formativa. 2. 6. O profesor ou profesora da área de lingua e literatura. 3. 1. A comunidade lingüística galega. Bilingüismo social, diglosia, glotofaxia. 3. 2. O proceso de fixación do estándar. 3. 3. Procesos de textualización. Texto oral, texto escrito. Proceso de composición textual. 3. 4. O texto na sociedade. O texto na Escola. Tipoxía textual. 4. 1. O texto literario. Lugar e función no ensino. Produción literaria e público infantil. 4. 2. O texto literario na Galiza. Problemática da Literatura Galega. O historicismo e o biografismo no ensino da Literatura. Periodoloxía literaria. 4. 3. Estrutura do texto narrativo. Relato breve e relato longo. Estrutura do texto dramático. Texto poético: ritmo e poesía. 5. 1. Nacemento e desenvolvemento dun subxénero contemporáneo: a literatura infantil e a Galiza. |
|---|--|

Planificación

| Metodoloxías / probas | Competencias / Resultados | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
|-------------------------------|--|---|-------------------------|--------------|
| Análise de fontes documentais | A1 A4 A19 A20 B7 B9 B10 B14 B15 B19 B20 C3 C7 C8 | 0 | 10 | 10 |
| Esquemas | A1 A4 A19 A20 B7 B9 B14 B15 C3 C4 C6 C7 C8 | 3 | 6 | 9 |
| Lecturas | A1 A4 A19 A20 B7 B9 B14 B15 C3 C7 C8 | 5 | 5 | 10 |



| | | | | |
|------------------------|---|----|----|----|
| Presentación oral | A1 A4 A19 A20 B7 B9 B14 B15 C3 C7 | 2 | 10 | 12 |
| Proba obxectiva | A1 A4 A19 A20 B7 B9 B14 B15 C3 C7 C8 | 3 | 50 | 53 |
| Traballos tutelados | A20 A19 A4 A1 A43 A44 A45 A46 A47 A48 A49 A50 A51 A52 B7 B8 B9 B11 B13 B14 B15 B21 B22 B23 B24 B25 C1 C2 C3 C7 C8 | 6 | 40 | 46 |
| Atención personalizada | | 10 | 0 | 10 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías | |
|-------------------------------|---|
| Metodoloxías | Descripción |
| Análise de fontes documentais | Achegamento crítico a distintos textos que se proporán nas aulas. Trátase dunha parte esencial da cadeira, posto que o alumno ou a alumna debe demostrar solvencia analítica á hora do manexo e achegamento a calquera documento relacionado coa materia. De aí que, segundo este ditado, nos comezos do curso académico, o profesor ofrece unhas indicacións previas e unha nómina bibliográfica para o manexo de fontes documentais que han ser consideradas antes da realización do achegamento. |
| Esquemas | Realización de esquemas ideográficos e resumos de diferentes textos propostos na aula. O resumo e a elaboración de esquemas serán de máxima utilidade para o achegamento e o desenvolvimento didáctico dos contidos apuntados na aula, de aí que se faga fincapé na redacción de esquemas ideográficos e ideogramáticos dentro do seguimento e aproveitamento bibliográfico. |
| Lecturas | Os alumnos e alunas deberán se achegaren a un corpo bibliográfico previamente apontado nas aulas. Este será obxecto de diverso tratamiento crítico e discusión no espazo aular. Debido, así mesmo, ao carácter da cadeira, as lecturas e os posteriores comentarios e/ou debates aulares serán de importancia vital para a cualificación global final. Un alumno ou alumna universitario e universitaria debe ler e manexar correctamente un feixe determinado de lecturas quen de o e a capacitar para un futuro ora profesional ora investigador. |
| Presentación oral | Dado o futuro profisional do alunado, cómpre realizar presentacións orais e relatorios sobre calquera texto e/ou aspecto anteriormente propostos. Debido á realidade profesional que lles agarda aos alunado, serán de vital importancia tanto as intervencións aulares como as presentacións orais, presentacións que se anunciarán e negociarán previamente e que terán a ver cos textos e o material bibliográfico. |
| Proba obxectiva | O alumnado contará con tres exames ao longo do curso académico: dous parciais en febreiro e maio e un final en data marcada por Xunta de Faculdade. Tendo en conta o devir do resto de cadeiras que componen o currículo do Grao así como, noutro orde de aspectos, a posibel inasistencia ás aulas, a proba obxectiva resumirse, de xeito tradicional, a dous exames parciais, independentes, que se haberán de superar nas convocatorias de xuño e maio. Quen non superar un deles ou os dous, poderá concorrer, en xuño, á convocatoria final, mais quen non conseguixe superar unha das partes correspondentes aos dous cuadrimestres, na convocatoria extraordinaria de setembro deberá superar toda a materia, non podendo asistir a tal convocatoria unicamente cunha das partes. |
| Traballos tutelados | Realización dun ou varios traballos relacionados tanto coa recepción e crítica textual como a recepción e comentario lingüístico-literario, así como, por outra parte, elaboración de unidades didácticas referidas a calquera aspecto dos tratados no programa docente. Amais das tradicionais probas de avaliación, o traballo titorizado constituirá un dos aguillóns más decisivos para a cualificación do aproveitamento dos contidos da cadeira. Neste sentido, porén, o traballo ou os traballos titorizados apuntados durante o curso académico serán de gran relevancia á hora de superar exitosamente a cadeira, posto que dan índice da madureza científica de calquera alumno ou alumna. Se se negociar co grupo, pódese optar por unha avaliación de traballos titorizados segundo a opción do portafolio. |

Atención personalizada



| Metodoloxías | Descripción |
|-------------------------------|---|
| Análise de fontes documentais | Consistirá na solución de calquera tipo de dúbida a respecto da marcha do curso, é dicir, sobre o temario e as actividades propostas, así como sobre os posíbeis traballos titorizados que, ben de forma obligatoria, ben de forma voluntaria, poidan facer os alumnos e alumnas. |
| Esquemas | |
| Lecturas | |
| Presentación oral | |
| Proba obxectiva | |
| Traballos tutelados | |

| Avaliación | | | |
|-------------------------------|---|---|---------------|
| Metodoloxías | Competencias / Resultados | Descripción | Cualificación |
| Análise de fontes documentais | A1 A4 A19 A20 B7 B9 B10 B14 B15 B19 B20 C3 C7 C8 | Traballos de análise documental, previa lectura e recepción. | 5 |
| Esquemas | A1 A4 A19 A20 B7 B9 B14 B15 C3 C4 C6 C7 C8 | Traballos de realización de esquemas sobre documentos varios. | 10 |
| Lecturas | A1 A4 A19 A20 B7 B9 B14 B15 C3 C7 C8 | Lecturas de obras propostas ben polo profesor, ben polo alumnado. | 10 |
| Presentación oral | A1 A4 A19 A20 B7 B9 B14 B15 C3 C7 | Exposición oral, necesaria para todo e toda futura docente. | 10 |
| Proba obxectiva | A1 A4 A19 A20 B7 B9 B14 B15 C3 C7 C8 | Exame negociado co alumnado, que consistirá na recepción de parte do material teórico co que se traballou nas aulas e nunha proba práctica. | 40 |
| Traballos tutelados | A20 A19 A4 A1 A43 A44 A45 A46 A47 A48 A49 A50 A51 A52 B7 B8 B9 B11 B13 B14 B15 B21 B22 B23 B24 B25 C1 C2 C3 C7 C8 | Realización de traballos titorizados que se negociarán co grupo-clase. | 20 |

Observacións avaliación

De todas as maneiras, na cualificación final da cadeira influirán variantes como a participación aular e a dispoñibilidade, isto é, o interese amosado e demostrado e un tamén amosado interese pola proposta de actividades, así como, noutro orde, a posibel redacción de máis traballos complementares que, de ser o caso, ben poderían configurar o desenvolvemento dun xuízo que, de ser aceptado polo grupo-clase, como se ten sinalado pode basearse parcialmente no portafolio.

| Fontes de información | |
|-----------------------|--|
| Bibliografía básica | Crystal, D. (2001): La muerte de las lenguas, Cambridge: Cambridge U.P. Martín Vegas, R. A. (2009): Manual de Didáctica de la Lengua y la Literatura, Madrid: Síntesis. Pardo de Neyra (2006): As orixes da literatura infantil galega, Compostela: Universidade de Santiago de Compostela. Souto Presedo, E. (1993): Socio-didáctica lingüística, Compostela: Laioveneto. |



| | |
|-----------------------------|--|
| Bibliografía complementaria | Cassany, D. (1993): Reparar la escritura. Didáctica de la corrección de lo escrito, Barcelona: Graó. _____, M. Luna e G. Sanz (1994): Enseñar lengua, Barcelona: Graó. García Rivera, G. (1995): Didáctica de la literatura para la enseñanza Primaria y Secundaria, Madrid: Akal. García, J. e A. Medina [eds.] (1988): Didáctica de la lengua y la literatura, Madrid: Anaya. Giménez, G. et alii (1985): Aspectos didácticos de lengua española. Bachillerato, Zaragoza: ICE, Universidad de Zaragoza. Gómez, M. T. et alii (1990): Propuestas de interacción en el aula. Técnicas para lograr un clima favorable en la clase, Madrid: Narcea. González Las, C. (1999): La lengua instrumento de comunicación, Granada: Grupo Editorial Universitario. Lomas, C. (1999): Cómo enseñar a hacer cosas con las palabras, Barcelona: Paidós, 2 vols. _____ e A. Osoro (1991): ?Modelos teóricos y enfoques didácticos en la enseñanza de la lengua?, Signos, 4, Xixón: 22-29. _____ e A. Osoro [comps.] (1993): El enfoque comunicativo de la enseñanza de la lengua, Barcelona: Paidós. _____ e A. Osoro (1996 a): ?Los objetivos de la educación Lingüística y el currículum de Lengua Castellana y Literatura?, in C. Lomas (coord.), La educación lingüística y literaria en la enseñanza secundaria, Barcelona: ICE, Universitat de Barcelona ? Horsori Editorial. _____ e A. Osoro (1996 b): ?Enseñar Lengua y Literatura en la educación secundaria. Orientaciones para la elaboración de proyectos curriculares y programaciones de aula?, in C. Lomas (coord.), La educación lingüística y literaria en la enseñanza secundaria, Barcelona: ICE, Universitat de Barcelona ? Horsori Editorial. _____ e A. Osoro (2001): ?De la lingüística aplicada a la educación lingüística implicada. Formación del profesorado y cambios in las aulas de lengua?, Textos, 27, Barcelona: 8-27. _____, A. Osoro e A. Tusón (1992): ?Ciencias del lenguaje, competencia comunicativa y enseñanza de la lengua?, Signos, 7, Xixón: 26-53. _____, A. Osoro e A. Tusón (1993): Ciencias del lenguaje, competencia comunicativa y enseñanza de la lengua, Barcelona: Paidós. Lombraña, J. (1997): ?El marco normativo y curricular de la lengua y literatura?, in J. Serrano e J. E. Martínez (coords.), Didáctica de la lengua y literatura, Barcelona: Oikos-Tau. Medina Rivilla, A. (1988): ?Didáctica de la Lengua?, in J. García Padrino e A. Medina (dirs.), Didáctica de la Lengua y la Literatura, Madrid: Anaya. Medina Rivilla, A. (1989): Didáctica e interacción en el aula, Madrid: Cincel. Meix, F. (1994): ?Teorías literarias y enseñanza de la literatura?, Textos, 1, Barcelona: 53-64. Mendoza Fillola, A. (1994): Literatura comparada e intertextualidad, Madrid: La Muralla. _____ [coord.] (1998): Conceptos clave en Didáctica de la Lengua y la Literatura, Barcelona: SEDLL ? ICE, Universitat de Barcelona ? Horsori Ediciones. _____ [coord.] (2003): Didáctica de la Lengua y la Literatura para Primaria, Madrid: Prentice Hall. _____ e A. López Valero (2000): ?Didáctica de la Lengua y Literatura Españolas?, in L. Rico e D. Madrid (coords.), Fundamentos didácticos de las áreas curriculares, Madrid: Síntesis. _____, A. López Valero e E. Martos Núñez (1996): Didáctica de la Lengua para la Enseñanza Primaria y Secundaria, Madrid: Akal. Pardo de Neyra, X. (2005): Aproximación a la poesía. Consideraciones y metodología crítico-didáctica sobre comentario de textos, Mérida: Rox Ediciones. Seco, M. (1963): El comentario de textos, Madrid: MEN. Segre, C. (1985 b): Principios de análisis del texto literario, Barcelona: Crítica. Sobejano, G. (1973): El comentario de textos, Madrid: Castalia, 2 vols. |
|-----------------------------|--|

Recomendacións

Materias que se recomienda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Lingua galega e a súa didáctica/652G02005

Literatura infantil e xuvenil e a súa didáctica/652G02029

Materias que continúan o temario

Literatura infantil e xuvenil e a súa didáctica/652G02029

Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías